

ANEXO DE ADAPTACIÓN
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO 2021/22

CENTRO: Colexio Plurilingüe Hermanos Quiroga

CURSO: 1-4ºESO

MATERIA: Lingua Galega e Literatura

DEPARTAMENTO: Lingua Galega e Literatura

DATA: 5/04/2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

ÍNDICE:

1. Criterios xerais para a avaliación e calificación do alumnado.
2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO: apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.
3. Protocolo para a elaboración do informe de avaliación individualizado.
4. Criterios de outorgamento de matrículas de honra na ESO
5. Aprobación e publicidade

1. Criterios xerais para a avaliación e calificación do alumnado:

1.1. 1º avaliación:

1.1.1. Cálculo da nota da 1º avaliación:

O alumnado terá que obter unha nota media superior a 5 puntos a partires das diferentes probas que realizarán durante a avaliación: exames (50%), libro de lectura (20%), exposición oral (20%) e traballo diario (10%).

1.1.2. Procedemento de recuperación da 1º avaliación:

O alumnado de 1º-2º ESO terá que aprobar a 2ª avaliación para poder recuperar a avaliación anterior.

O alumnado de 3º-4º ESO terá que superar unha proba escrita no que amose coñecementos sobre a Literatura dada sobre a 1ª avaliación. Considerarase como aprobado unha nota superior a 5 puntos.

1.2. 2º avaliación:

1.2.1. Cálculo da nota da 2º avaliación:

O alumnado terá que obter unha nota media superior a 5 puntos a partires das diferentes probas que realizarán durante a avaliación: exames (50%), libro de lectura (20%), exposición oral (20%) e traballo diario (10%).

1.2.2. Procedemento de recuperación da 2º avaliación:

O alumnado de 1º-2º ESO terá que aprobar a 2ª avaliación para poder recuperar a avaliación anterior.

O alumnado de 3º-4º ESO terá que superar unha proba escrita no que amose coñecementos sobre a Literatura dada sobre a 1ª avaliación. Considerarase como aprobado unha nota superior a 5 puntos.

1.3. 3º avaliación:

1.3.1. Cálculo da nota da 3º avaliación:

O alumnado terá que obter unha nota media superior a 5 puntos a partires das diferentes probas que realizarán durante a avaliación: exames (50%), libro de lectura (20%), exposición oral (20%) e traballo diario (10%).

1.3.2. Procedemento de recuperación da 3º avaliación:

O alumnado examínase dos contidos impartidos durante o curso considerándose 5 a cualificación mínima para superar a materia.

1.4. **Cálculo para obter a cualificación final de curso:**

Farase a nota media das tres avaliacións.

1.5. **Criterios para o tratamento de materias pendentes:**

O alumnado con materias suspensas do curso anterior poderá recuperalas a través de boletíns que se entregarán ao longo do curso. De non entregar ou superar a materia a través destas actividades, en maio poderá ter unha proba de avaliación (escrita, oral...). De non superar esa proba, entre o período do 6 ao 22 poderá superar a materia a través das actividades establecidas (probas escritas, traballos...) e o seu seguimento nas horas establecidas de titoría para este alumnado.

1.6. **Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa:**

Os criterios de promoción de curso serán os establecidos na **Orde do 25/01/22** pola que se actualiza a normativa de avaliación no sistema educativo de Galicia. É dicir:

Promocionará de curso o alumnado que supere todas as materias ou teña avaliación negativa en 2 materias.

- Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir que o alumno/a promocione se considera que se cumpran tamén TODAS estas condicións:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculado/o nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.

c) Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación.

d) Que o equipo docente estime que a promoción beneficiará a súa evolución académica

1.7. Criterios de Titulación:

Obterá o título de graduado na ESO o alumnado que supere todas as materias. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna/o, sempre que se cumpran tamén TODAS as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada/o nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a xuízo do equipo docente a alumna/o adquise as competencias establecidas.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna/o alcanzase os obxectivos da etapa.

2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación final na ESO: apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

2.1. Metodoloxía:

O alumnado coa materia non superada fará diferentes probas (exposicións, proba escrita, boletíns) sobre os contidos levados a cabo durante o curso escolar, que serán os mesmos que se traballarán coas actividades de reforzo durante esas semanas. Mentres que o alumnado coa materia superada colaborará na superación da materia do alumnado restante.

2.2. Actividades tipo:

Exposicións orais, traballos cooperativos, *flipped classroom* e proba escrita. Estas actividades serven para subir a nota do alumnado pero nunca baixala

3. Protocolo para a elaboración do informe de avaliación individualizado:

A partir das cualificación, reflexións conxuntas e conclusións extraídas da terceira sesión de avaliación elaborárase un informe individual de avaliación para cada alumno/a coa materia pendente. Nese informe concretáranse os contidos, criterios de avaliación, obxectivos e competencias que o alumno/a debe recuperar para aprobar a materia. Este informe servirá de punto de partida para o deseño das actividades de recuperación a desenvolver entre o 6 e 22 de xuño.

4. Criterios de outorgamento de matrículas de honra na ESO:

O alumnado que, despois da avaliación final de 4º curso , obtiveran unha nota media de 4º curso igual ou superior a 9 puntos, poderá recibir a mención de matrícula de honra.

Dita mención poderá concederse, como máximo, o 5 % do total do alumnado matriculado no centro para ese curso. En todo caso, cando no centro docente o total do alumnado matriculado en cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha soa mención de matrícula de honra.

Queda pendente establecer no claustro os criterios en caso de empate

5. Aprobación e publicidade: